

# LEMBRANDO A PEPE XAN BAÑA

CARMEN BLANCO RAMOS

A primeira vez que oín o nome de Pepe Xan Baña<sup>1</sup>, foi a un cubano en Madrid. Falaba del como se se tratase dun trobador. A miña curiosidade creceu ó saber que era da comarca do Xallas (tamén é a miña) e quedei abraida cando preguntei por el, nas diferentes aldeas da zona, ás persoas de máis idade. Todas sabían quen era. Había tres datos constantes nas súas acordanzas: que era de Barilongo, que marchara novo para Cuba, e que era o «home das historias e dos contos»<sup>2</sup> (idea que pasou de pais a fillos). Uns aínda se acordaban de ter nas súas casas, cando eran pequenos, o «libro dos contos de Xan Baña». Outros, con máis capacidade memorística, inda recitan algunhas das súas poesías<sup>3</sup>.

## I. INTRODUCCIÓN

José Baña Pose, coñecido popularmente por «Pepe Xan Baña», naceu un catro de xaneiro de 1872, no lugar de Barilongo (parroquia de Santa Sabiña, concello de Santa Comba, provincia de A Coruña). No ano 1889 saíu da casa paterna para Cuba, daquela tiña 17 anos e só fora tres á escola. Na diáspora estudou a carreira eclesiástica sen chegar a rematala.

Sábese que foi mestre de Instrucción Pública e que se dedicou ó xornalismo. Como xornalista estreouse primeiro en «*La Tierra Gallega*» sendo director

<sup>1</sup> No sucesivo P.X.B.

<sup>2</sup> Era típico en Galicia que nas longas noites de inverno veciños e amigos se xuntasen arredor da lareira para contar e escoitar contos (relato oral dun feito histórico, mítico, ou acontecementos diarios). As poesías de P.X.B. foron coñecidas nestas tertulias coa finalidade de distraer e pasa-lo tempo.

<sup>3</sup> Como é o caso dun regueifeiro moi coñecido naquela comarca por saír no programa «Luar» da T.V.G.

Curros Enríquez, co que tivo un trato moi estreito. Os dous pasaron despois ó «*Diario de La Marina*», á fronte do que estaba D. Nicolás Rivero (figura esta de moita importancia polo recoñecemento da obra do autor de «*MIRANDO O CHAO*»).

Será nesta illa que o acolle onde P.X.B. escribe os seus libros trobando á súa maneira o mundo da terra que o viu nacer. Escribiu só dous libros: *Vindicación, vida e milagros de Pepe Xan Baña* (A Habana, 1911) e *Suspiros N'a Terriña* (A Habana, 1922).

En 1921, volta de Cuba (con corenta e nove anos) traendo moreas de libros seus que foi regalando ós veciños da Comarca. Pouco tempo botara na casa de Barilongo cando regresa a Cuba<sup>4</sup>.

Morre un 16 de outubro do ano 1945 e os seus restos descansan no panteón do Centro Gallego do Cementerio de Colón da cidade da Habana.

## II. PERVIVENCIA ORAL DE P.X.B. ENTRE O POBO

Como xa dixemos, P.X.B. deixou unha fonda pegada no pobo (a isto contribuíu el mesmo ó regala-los seus libros). Unha das persoas que mantén viva a chama de P.X.B. é o regueifeiro Xosé González Muiño<sup>5</sup>. Cando o visitei, no mes de

<sup>4</sup> Descoñecemos o tempo exacto que botou en Galicia, pero nunha carta que P.X.B. escribe ó Director de la Beneficencia Gallega di «*pronto espero sacar un pasaje de tercera para ir a pasar unos días al lado de mis ancianos padres*». A data é de maio de 1921. A poesía «*Vispra D'saida*», escrita antes do seu regreso a Cuba, está datada o 26 de agosto de 1921. Polo que chegamos a conclusión que non pasou máis de tres meses.

<sup>5</sup> Dei con el gracias a un amigo meu de Santa Sabiña, e a un familiar de P.X.B. que, despois de entregarme unhas fotocopias encadernadas coas mellores regueifas (disputa dialéctica improvisada en verso entre dúas ou máis persoas) da súa autoría, me aconsellou falar con el.

xullo, recibíume con amabilidade, e contoume que a «historia» de P.X.B., xa lle ía esquecendo, pero aínda sabía algunhas cancións<sup>6</sup>. Faloume del como un home moi listo, pero un pouco «burro» por non sacar un peso da súa «historia» e regalalos libros. Non puxo ningún impedimento en que o gravase cando lle pedín que recitase algunhas «cancións».

Ofrecemos a versión do regueifeiro e as estrofas orixinais de P.X.B. como mostra do que considero pervivencia oral:

P.X.B.	Regueifeiro
¿Vedes unha cazarola Con Pepa da Carballeira Qu' está alí na relleira? Pois alí xuntábam' eu	¿Vedes unha quezarola Qu' esta alí na relleira Pois pr' alí xuntabami eu Con Pepa da Carballeira
Os dous éramos pequenos, Pro queríamon' os ben; Eu pensaba ser seu mozo, Moza miña ela tamén.	Os dous éramos pequenos, Pro lovabámonos ben, Eu pensaba ser mozo dela, E ela qu' era miña tamén.
Xuntiños á escola fomos, Xuntos á por as boiñas; Cando vin pr' aquí botou Unhas cantas bagullíñas.	Xuntiños á escola fomos, Xuntos á por enhas boiñas; Cando fun pr' alí botei Unhas cuantas bagullíñas.
Dios lle dea moito gusto Pra criar os seus filliños, E a mín moita pacencia, Con estes meus traballíños.	Dios lle dea moito ghusto Pra cria-los seus filliños E a mín moita pacencia, Con estes meus traballíños.
Traballos que non busquei; Buscánom' eles a mín Anque non falta quen dí Qu' é por ser eu galopín.	Traballos qu' eu non busquei; Buscaronm' eles a mín Anque non falte quen digha Foi por ser eu galopín.
D' a miña xente tamén Marchou algunha querida Que nom' han de esquecer, non, N' os días d' a miña vida.	De miña xente tamén Marchou algunha moi querida Que no m' han de escacer, non, Nos días da miña vida.
Pro deixemos estas cousas Pro tribunal do señor, Volvamos a Santa Comba, Terriña do meu amor.	Pro deixemos estas cousas Pro tribunal do señor, Volvamos a Santa Comba Terriña de meu amore.

<sup>6</sup> Refírese a elas, unhas veces como poesías, outras como cancións ou coplas.

Volvamos a esa terra  
Onde nace o ríu Marán;  
Despedíndose, chorando,  
Pouco a pouco as augas van.

Volvamos a esa terra  
Onde nace o ríu Marán;  
Despedíndose, e chorando  
Pouco a pouco as aughas van.

Se se confrontan as estrofas recitadas polo regueifeiro coas de P.X.B., verifícase que a tradición oral conserva en case a súa totalidade a letra orixinal do libro *Vindicación, vida e milagros de Pepe Xan Baña*<sup>7</sup>. As diferencias afectan á alternancia na orde dos verso dalgunhas estrofas. Noutros casos, o regueifeiro recrea e adapta á súa propia sensibilidade o que leu. Así por exemplo, percibe como máis seu «*lévanse ben*» no canto de «*queríanse ben*». Pero tamén hai estrofas que se respectan.

### III. OBRA DE P.X.B.

Aínda se pode comprobar como en Santa Comba se fala (de forma máis ou menos explícita) con respecto e tenrura de P.X.B. e, sobre todo, botan en falta algúns dos seus libros (pois a maioría só recordan anaquiños de estrofas). Díciame un veciño de Santa Sabaña: *Non sei por qué non volven a facelos. Si se puideran comprar, a xente compraríalos.*

Un destino xeneroso e unha amiga puxeron nas miñas mans un exemplar do segundo libro de P.X.B, *Suspiros N'a Terriña*. O libro formara parte da equipaxe que o seu home levara para o Brasil cando emigrou, alá polo ano 1956. En 1997 voltaron ámbolos dous a descansar para sempre na súa terra, quizais sendo fieis ós versos do seu admirado xalleiro:

*Si sabedes d' os meus osos  
Farés por os recoller  
Tragéos a esta terra  
Para nunca máis morrer.*

*Suspiros N'a Terriña* foi publicado en Cuba, trala viaxe que fixera a Galicia no ano 1921 para visitar ós seus pais. Como o título indica, este libro é un suspirar (non dende a distancia, senón *in*

<sup>7</sup> Libro que non puidemos consultar na súa totalidade, polo que nos baseamos na edición de *A vida e a obra de Pepe Xan Baña*, A Coruña, Deputación provincial da Coruña, 1994, dos autores Manolo Froxán e Ramón Ferreiro. Este libro, raro de atopar, chegou a nós grazas a xenerosidade de María Antelo, traballadora do Concello de Laxe.

situ), unha evocación dos anos da súa mocidade cunha mirada nova. Así é como nos transmite as emocións que sentiu á chegada e cando volveu pisa-los seus campos (emoción, por outra parte, de todo emigrante galego).

*Suspiros N'a Terraña* componse, segundo o noso criterio, de dúas partes:

1. A primeira consta á súa vez de: presentación, *a chegada*, reflexións, e a despedida.

– Presentación. Na presentación aparece unha foto de P.X.B., xa de idade avanzada, vestido de regueifeiro e co seguinte pé: *ESTE SON EU (AGORA)*. Noutra foto, de novo e de medio corpo, aparece con actitude solemne: *ESTE FUN EU*. O orgullo de casta, de ser único el e a familia queda ben reflectido na nota ó pé da fotografía dos seus pais: «*Meus pais*», *Xan Baña e Xoana Pose de 77 e 81 anos, que serán co tempo nomeados com'os Médicis e Borbons por fundar unha casta co nome d'os BAÑAS. A casa de Varilongo será outra casa como a de Austria*».

Esa importancia que se atribúe fotograficamente continúa no poema «*EU POR MIN MISMO*», unha biografía na que remata dicindo «*son o primeiro no mundo que se chama Pepe de Xan Baña*». E para que ninguén tivese dúbidas da súa personalidade, deixou unha cita que ben podería quedar como epitafio da súa obra:

«*Estes bens son meus e pr'os meus fillos  
Terá un preito o que m'asoballe*»

– En *A chegada* conta (en verso) o encontro cunha persoa. Con ela dialoga compartindo lembranzas e invocando lugares queridos.

<i>Cando en Carballo me vín, D'aquel día o atardecer, o corazón apertaba Por non podelo conter.</i>	<i>¡Qué preitiño estou da casa! ¡Qué contento é chegar! Aquí vendín os conexos Que puden eu agarrar.</i>
---	--

Na súa casa, diante do seu berce e da súa nai, esta maniféstalle a tenrura da nenez vivida:

<i>Ven ver o berce, Pepiño, E estarote pequeno, Onde t'arrolei, filliño, Cando ti eras un neno.</i>	<i>Asi dixo miña nai Mesmo asi que cheguei; D'o recordo que me iña admirado quedei.</i>
---	---

– *Diante de min mesmo*, son as reflexións propias do emigrante que non trouxo cartos, e que se sente fracasado:

*¡Marchol! ¡voume!  
Eu aquí non fago nada  
Estorbo, son ninguén  
¡Dios me dea boa fada!*

Despois deses tristes pensamentos crea un diálogo a tres bandas, con San Miguel e o demo de Rubín,<sup>8</sup> de temática costumista.

<i>¡Ola! meu amigo ¡qué tal? ¡Ola! Pepe ¡ E viñeches? Vin e veño a verte, [...]–Estás o mesmo q'estabas, Solo que che falta un corno<sup>9</sup> –Disque tuveches un preito Co teu amo e perdeches, Cántame a verda, probiño, [...] ¡Levei o Demo Mayor! E ese non basta agora –Cántame o caso, que quero Poñer esos n'os papés Si; pro dille a Miguel –Que poña no chan os pes. ¿Tereille que rezar, e tí Non podes oír os rezos –¡Es ben burro, Pepe! [...]</i>	<i>–¿Cantos anos hay qu'estou Debaixo d'este galopín Oindo rezar tanta xente, A mais rindose de min? Entonces, dixo San Miguel: A ver si me tratas millor Porque che corto o pescozo; [...]–¡Ti es un burro ho! ¿Qué crás de milagros fais? Si non fora eu, aquí. Non viña ninguén quizaís. [...]–Calá Miguel; deixa o probiño Baixa d'enriba, un anaco, –Valta mais estar no inferno Que servirche a tí de fucó.– Baixou o Santo e deille Un puro d' a mesma Habana:[...]</i>
---	--

– Da despedida, formada por tres poemas, resaltamos «*A Noite*» pola emoción condensada nos seus eixes temáticos: a tristura e o lamento pola despedida.

*Cravei os ollos na velliña  
Por seu retrato coller:  
¡Adios! ¡non chore! ¡ quen sabe  
Si a volverei a ver!*

2. A segunda parte consta dun prólogo e os «*grabados que contiene la obra*» (falarase deles no apartado correspondente).

Chama a atención esa especie de prólogo ou crítica ó libro anterior de P.X.B. Nel un anónimo autor<sup>10</sup> explica que aquela obra fora escrita para coñecer certos detalles do inmortal Curros. Máis adiante atopamos o poema incompleto «*carta de meu pai*». Reproduzo a parte onde o seu pai o recrimina por non ganar cartos «cos papés»:

<sup>8</sup> Personaxe da cultura popular do que se falará no apartado correspondente.

<sup>9</sup> Na actualidade o corno foi repostado.

<sup>10</sup> Pensamos que pode ser o mesmo P.X.B.

*¡Treinta anos polo mundo!  
¡E n'eses mundos de Dios,  
ond' os pobres se fan ricos,  
ond' os malos se fan bos! [...]*

*Ti non sabes galopín,  
¡eso qu' escribes papés!  
con diñeiro d' abí é reliquia  
po lo dreito e por rivés.[...]*

#### IV. ILUSTRES GALEGOS NA VIDA DE P.X.B.

*Suspiros N' a Terriña*, vén ilustrado con fotografías dos personaxes que máis influíron na vida de P.X.B.: a súa familia e os amigos que formaron parte do Galeguismo daqueles anos. Vexámo-lo que opina deses ilustres galeguistas:

1. *Excmo. Sr. Luciano Puga*

«Defensor de Curros Enríquez en la audiencia de La Coruña, al cual se le debe la absolución del ilustre bardo, condenado por el juzgado de primera instancia e instrucción de Orense “Párrafos Sublimes”. Es un extracto de la grandilocuente defensa oral de aquel ilustre abogado.»

2. *Excmo. Sr. Nicolás Rivero y Muñiz*,

«Director del *Diario de La Marina* (Habana) a cuyo lado halló D. Manuel Curros Enríquez, el sosiego material y espiritual, correspondiéndose en afectos mutuos de noble lealtad.»

3. *Lcd. José López Pérez*,

«Hijo de un aldeano de Zas de Carreira, el colaborador más grande que tienen en Cuba las sociedades gallegas.»

4. De *Curros Enríquez*, hai dous retratos, o primeiro de cando Curros escribiu en 1881 «*Mirand' o chau*» poesía cívica, de sublime fuerza moral.

Como xa indicamos, P.X.B. coincidiu con Curros traballando no «*Diario de La Marina*». Nesa época foi cando coñeceu ó poeta que quixo desperta-la conciencia dunha Galicia utilizada e durmida no infortunio arremetendo a inxustiza e gritando a liberdade.

Conta P.X.B. que o seu amigo de Celanova xurou non ir ó Centro Galego porque houbo quen dixo un día que estaban de máis os letrados, a música e a poesía no Centro e que o presidente non precisaba ser galego. Esta referencia de P.X.B.

pode atoparse na poesía *A espiña*<sup>11</sup>, que Curros leu a noite do 11 de xaneiro de 1903 no teatro Tacón da Habana co gallo do XXIII aniversario da Fundación do Centro Galego daquela capital. En *A espiña*, o autor saca a relucir os agravios dos que fora vítima polos novos ricos da emigración galega en Cuba. Así entendeu P.X.B.<sup>12</sup> aquel intre:

*«De repente, cual pastor evangélico, y padre cariñoso, recomienda que adornen las paredes con retratos de hombre célebres, que han honrado la patria; historiadores, naturalistas, artistas, poetas, filósofos. [...] que en la biblioteca, el ignorante encuentre libros del Rey Sabio, Maciá, Feijóo, Colmeiro, Pondal, Pastor Díaz, Arenal, Rosalía y Murguía; que la Quinta sea la que llene la necesidad de la madre; del hijo; que el emigrante encuentre en el país buena acogida; que de nuestro Centro hagamos nuestra patria; que así entrará en el Centro, y que además de esa condición quiere otra; que no tendrá por Presidente quien no sea gallego. Termina rogando que si su desfortuna le hace morir fuera de su patria, que los gallegos le devuelvan a ella.»*

P.X.B. soubo mirar na alma do poeta ourensán:

*«No tiene su “Espiña” ese veneno que ciertos mal intencionados le han atribuido, acaso los que le han envenenado el alma, sean los que más impotancia le den. Bien claro lo dice:*

*Basta ya de poesía,  
Más que deciros no sé,  
Si no que no renegué  
De mi origen hasta hoy día.*

#### V. CONSIDERACIÓNS DA CRÍTICA

Carballo Calero considera<sup>13</sup> a P.X.B. como un copleiro que fala, de si mesmo e do que o rodea,

<sup>11</sup> Véxase a nota de Celso Emilio Ferreiro ó poema «A espiña» na *Obra poética completa* de Curros Enríquez, Madrid, Edit. Nacional, 1977, p. 487.

<sup>12</sup> Véxase o libro dos autores Manolo Froxán e Ramón Ferreiro: *A vida e a obra de Pepe Xan Baña*, A Coruña, Deputación provincial da Coruña, 1994, p. 147.

<sup>13</sup> *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1981, p. 513.

como pode falar un labrego sen instrucción; e a súa literatura vulgar.

Quizais haxa unha falla de sensibilidade por parte deste gran crítico da literatura galega. Pénsese que foron os labregos sen instrucción do mundo rural a fonte que conservou o rico e variado léxico da nosa lingua. Habería que lembra-las palabras de Rosalía no prólogo dos seus *Cantares Gallegos*<sup>14</sup> (que son os nosos): «*Sin gramática nin regras de ningunha clas, o lector topará moitas veces faltas de ortografía, xiros que disoarán ós oídos dun purista [...] puxen o maior coidado en reproducir o verdadeiro espírito do noso pobo.*»

Malia a popularidade ou vulgaridade da súa literatura, P.X.B. tomaba moi en serio o seu papel como escritor. En 1911, data da publicación de *Vindicación, vida e milagros de Pepe Xan Baña*, non había normalización e cada autor atopábase con problemas ortográficos que debía solventar individualmente na escrita.

P.X.B., no seu libro *Vindicación*, tiña conciencia clara de estar creando unha norma escrita.

«[...] Lede o libriño, feito na lingua escrúsi-va de Xallas, que lle saquei hastra moitas regras d'Ortografía corrente, pra que a lingua, que é o martelo, dese pronto na fragua, que é a palabra<sup>15</sup> escrita diante: como *po los mais*, que hastra agora s'escribiu e escribe *po los nosos académicos así: pol' o mais; co él, que o escriben c' o él. Téñese razón escribir así, en canto nos dá que se sacan letras de palabras enteiras, pro paréce-me que non fai falla, cando se lé facer un eixamen de Gramática, e moito menos, si o que se lé ten escoitadores. D'ahí porven que moitos d'os nosos paisanos queden un anaco coa boca aberta para decir a palabra seguinte, afeitos nas escolas a decir as palabras cada unha ben separada, por ser lingua extranxeira.*»

Carme Hermida<sup>16</sup>, fálanos deste problema que levou a enfrontamentos entre autores importantes da época.

<sup>14</sup> Rosalía de Castro: *Obra galega completa*, Madrid, Ed. Akal, 1977, p. 10.

<sup>15</sup> Repárese na importancia da imaxe do lume como compoñente da linguaxe presente en escritores africanos da altura de Boaventura Cardoso (*O fogo da fala*, Ed. 70, Lisboa, 1980; *O signo do fogo*, Porto, Ed. Asa, 1992).

<sup>16</sup> Carme Hermida: *Os Precursores da Normalización*, Vigo, Xerais, 1992, p. 187.

*No momento de escribir en galego, os autores deberon afrontar, antes de nada, o problema da ortografía daquelas palabras descoñecidas en castelán, posto que as coincidentes con este idioma grafábanse de igual xeito ca nel. O problema presentouse, xa que logo, nas contraccións, nas palabras que non tiñan equivalente en castelán, nos fonemas que este non posuía.*

Houbo distintos criterios sobre os problemas da ortografía á hora de abordar-las usos do *b* e do *v*, do *y* e do *i*. A escrita de P.X.B. sufriu ese baile de grafías entre *b* e *v* (*vello/bello, vico/bico*) e entre *y* e *i* (*busquey/bailey/volverey/berreitolmeifalei*).

Polémica moi forte suscitou o *x*. Sen embargo, P.X.B. non atopa ningunha dificultade en grafar ese son<sup>17</sup>.

Coma nós, Xosé María Lema<sup>18</sup> reivindica a importancia que tivo P.X.B. para a xente da súa época.

*Chama a atención o éxito popular dun libro en galego por aqueles tempos, cando a gran masa da poboación rural era analfabeta e os poucos que sabían ler foran alfabetizados unicamente en castelán [...] algo de enganche popular debía te-lo tal Pepe cando tivo tanto éxito entre os seus conveciños ó longo de tantos anos: desde os anos vinte á actualidade, xentes da terra de Xallas aprenderon de memoria moitas das súas poesías.*

## VI. P.X.B. E A CULTURA POPULAR

É certo que P.X.B. non ten unha rima traballada, nin grandes artificios retóricos para expresa-las profundidades da alma galega, sen embargo, podería creerse que a sinxeleza (que non pobreza expresiva) está posta ó servizo dunha mellor comprensión. El sabía que a súa obra ía ser de transmisión oral máis que escrita.

Sen mergullarse moito na súa poesía, atopamos un legado importante de cultura tradicional e popular: nomes de aparellos que hoxe desapareceron das zonas rurais (*sacho, grade, ligón, gamalleira, pote...*),

<sup>17</sup> Remitimos ó apartado dedicado a lingua de P.X.B. para o estudio máis pormenorizado da súa ortografía.

<sup>18</sup> *Encrucillada*, 83, 1993, pp. 293/81-294/82.

festas, crenzas, etc. Algunhas destas aportacións merecen interese:

1) Festas. En Galicia cada ermida ten a súa festa ou romería cunha misa solemne e unha procesión. Ó remata-la misa os gaiteiros tocan as cancións tradicionais como sinala P.X.B.:

[...] *Unha gaita que choraba*      *E as nenas que cantaban*  
*O vel'a xente bailar*      *O son d'o seu froulear.*

En Santa Sabiña é visitada a ermida de San Bartolomeu. A súa festa celébrase o 24 de agosto e a xente vai desde pola mañá cedo. Un gaiteiro e grupos de danza, comparten a comida e animanlle a merenda ós festeiros coas cancións típicas «dalgún día» como din os máis maiores. Así o describe P.X.B.:

*Para pedirch'un favor*  
*Subo, San Bertolameu,*  
*O cabo de trint'anos*  
*Qué aquí mesmo bailey eu [...]*

2) As doenzas populares tamén son recollidas por P.X.B., por exemplo o «aire» provocado por unha persoa morta recentemente. O «aire» pódese coller pola noite cando se vela ó morto. Este proceso chámase «colle-lo o aire».

Conta a xente que San Bartolomeu era un lugar adecuado para saca-lo o «aire» e así o recolle P.X.B., o poeta do pobo.

[...] *E verdá qu'aquí fais falla*  
*Porque hoxe e un espanto*  
*A xente que ven sacarse*  
*O aire d'o campo santo.*

A relixión, no pobo, é un sentimento herdado dos nosos antepasados que se afínca nos santos repartidos por toda Galicia. P.X.B. deixa unha mostra da petición e confianza nos santos:

[...] *Promeiro, fun a misa*      *Nostra Señora d'a Barca*  
*Pola porta grande entrei*      *Hay des anos ll'ofrecin*  
*Fendendo a xente polo medio*      *Uns pendentes d'ouro fino;*  
*O altar mayor cheguei.*      *Un adezo a de Rubín.*

Rubín<sup>19</sup> é un santuario do século XVI, no que se encontra a talla de San Miguel pisando o demo.

<sup>19</sup> O santuario de Rubín encóntrase na aldea de Mallón.

Hai unha lenda popular que atribúe os acontecementos negativos e inexplicables a este demo por que «anda seibo».<sup>20</sup>

Podemos resaltar algúns enunciados en relación ós bens que, segundo di P.X.B., lle deixou o seu pai. Collemos os máis interesantes por, ó noso entender, toca-las partes máis representativas, ou soportes, do conxunto socio-cultural da terra de P.X.B.:

- *Historia de cómo a rolda vai de noite a buscar os difuntos.*
- *Historia d'un preito entr'os mortos de Rial de Baixo cos seus veciños por poñer mal o marco das sepulturas.*
- *Maneira de cómo as mulleres poden ter moitos amigos cregos.*
- *Unha gamalleira.*
- *Maneira de roubar e ser un santo.*
- *Historia e maneira de qu'a auga corra sempre pro erbal que se queira.*

## VII. P.X.B. HOME DO SEU TEMPO

Como reiteramos noutro apartado, P.X.B. tiña unha fonda preocupación por facerse entender. Pon na súa voz o espírito e o sentir dun pobo sen letrados, sen deixando de lado o problema da emigración que obriga a deixa-la terra:

[...] *; A terra é nosa nai*  
*Que non nos quer outra allea!*  
*Non é disgracia vir tullido,*  
*Disgracia é perder a terra*  
*Onde se catu espido.*

Nesta liña social cívica salienta a «*Carta os cregos de Santa Comba e súas comarcas*<sup>21</sup>» (*Vindicación, vida e milagros de Pepe Xan Baña*, 1911) onde se amosan as consecuencias da carencia de vocación eclesiástica e o convencionalismo

<sup>20</sup> Contoume un veciño que unha noite voltando para a casa convencido que era o seu can o que viña a por del, fíxolle caricias coa man e, de súpeto, converteuse nunha fumurada e presentouse o demo de Rubín.

Tamén din que hai xente que lle vai rezar ó demo.

<sup>21</sup> Manolo Froxán e Ramón Ferreiro: *A vida e a obra de Pepe Xan Baña*, A Coruña, Deputación provincial da Coruña, 1994.

social. Na «Carta» critica ó clero e á igrexa de Roma (moi na pegada do *Divino Sainete*<sup>22</sup>) e centra o seu aguillón nos amoríos dos cregos e nos seus fillos (chamados con desprezo «fillos do crego»). Censúraos por ter unha memoria moi fráxil cos traballos que pasaron os seus pais, para que desde pequenos fosen ó seminario, e tamén polas súas andanzas coas mellores mozas da parroquia.

Ironiza P.X.B. do moito latín e das homilías que lle ensinaron. A solución proposta por P.X.B. sería que casasen sen rompe-los votos. Podemos lembrar o que pensaba Curros ó respecto:

[...]-¿Quién ha de ser, ¿malpocados; [...] Na loita da santidad  
Quitoulles a igrexa o xénero Aquí a muller perde ... a honra  
Non tén nomes; son... castrados. I o home...a virilidade.-

Outro testemuño do seu interese polo progreso e da súa sensibilidade cos problemas sociais do mundo rural, é a convocatoria que el lle fixo ós veciños de Santa Comba desde a Habana, despois de voltar de Galicia. Nela fala da visita que recibiu, tres días antes de saír para Cuba, dos directores do Sindicato Católico do concello. El escoitou as súas demandas e as noticias da loita sostida contra os refractarios a todo progreso.

Na contestación maniféstalle-lo seu desexo de voltar e axudarlles a remata-la a obra: formar cooperativas, asegura-lo gando, velar polo ensino, introducir aparellos novos de labranza, en definitiva un proxecto de modernización.

Reproduzo ó final do artigo unha copia<sup>23</sup> na que se poden ler con máis detalle tódalas ideas que pretendía pór en marcha P.X.B.

### VIII. PECULIARIDADES DA LINGUA E DA ORTOGRAFÍA DE P.X.B.

P.X.B. naceu na chamada, segundo os estudiosos da dialectoloxía, subárea de Xallas<sup>24</sup>. Esta subárea comprende os falares que quedan entre Laxe-Santa Comba-Louro e a costa. Na escrita de P.X.B. encontramos algúns fenómenos ortográficos que poden corresponderse con fenómenos lingüísticos. Moitos destes fenómenos mestúranse con outros

pertencentes a subáreas próximas (como a subárea do Tambre).

Referímonos ás seguintes características dialectais:

- a) Ditongo ui : *muíto, nuíte*, (característicos da zona do Xallas.) P.X.B. tamén usa oi: *moíto, noíte*.
- b) Seseo implosivo, en posición final: *narís, ves, lus, crus, rapás*.
- c) Plural, -ns: *cans, pantalóns*.
- d) Perfectos rematados en -ron ou en -no(n): *abrazano, mamano*.
- e) O pronome *ti* como pronome suxeito.

Non podemos comprobar se faría a gheada típica da súa zona, (como detectamos no regueifeiro cando nos recitou as súas coplas) pero si outras peculiaridades de raíz popular:

- a) Castelanismos: *conexos, iba*.
- b) Usos da lingua popular: *pro, millor*.
- c) Representacións da apócope e das contraccións mediante o apóstrofo: *d'enfermedás*.

### IX. CONCLUSIÓN

Como conclusión pensamos que a poesía de P.X.B. parece non ser outra cousa que o produto natural e a consecuencia do mundo que viviu. Non nos parece baldeira de contido. El escribía para o seu pobo e coñecía moi ben a pobreza e os traballos que este pasaba. Pódese pensar que non quería achegar máis tristura, por iso non afondou no interior humano (ó mellor por respecto a esa clase social enganada, desprezada e asoballada), así é como lle dá noticia das ruadas, dos costumes e dos veciños.

Deixounos P.X.B. unha mensaxe para que non esquezamos valora-lo que temos:

*Dios vos libre, nin soñando  
Pensar en terras de fora  
Si pensás en millorar  
Esa alegría d'agora.*

<sup>23</sup> Agradezo a fotocopia enviada pola señora Dulce de Lois de Santa Comba, familiar de P.X.B.

<sup>24</sup> Francisco Fernández Rei: *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Xerais, 1990, p. 118.

# CONVOCATORIA

## A LOS VECINOS

residentes y ausentes de Santa Comba de Negreira, para que en el próximo verano cooperen con el Sindicato Católico del referido Ayuntamiento para una reforma trascendental en lo político y lo civil en beneficio y progreso de sus habitantes.

### CONVECINOS:

El año 1889 salí de la casa paterna para Cuba, desde cuyo punto me dirijo a vosotros. A pesar de mi corta edad entonces, no dejé de traer gravadas en mi mente el desagrado que nos guardaban los simples elementos políticos y hasta religiosos, por causa de la ignorancia y falta de civismo en el infeliz labriego. Esto no se me ha borrado nunca.

El año pasado pude hacer un viaje, o mejor, una visita a mi inolvidable tierra natal, con tiempo limitado, por mis ocupaciones oficiales que desempeño en esta hospitalaria hija, emancipada de nuestra querida Metrópoli.

Al cabo de 32 años de ausencia para cualquiera, al llegar a su patria nativa, es un verdadero extraño. Sólo la ternura de una madre, como son todas, y como es la mía, podía convencerme, no que me encontraba en el *inllar* donde nací, que a los pocos días reconocí, sino entre varias personas, mozos de mi infancia, y entre media docena de compañeros, que me decían, eran de la escuela parroquial. Cuando me convencí que aquellos eran mis familiares y mi tierra, por las demostraciones, y por las costumbres aun latentes de aquellos tiempos, no en lo social sino en lo civil, tres días antes de partir para mi nueva y querida patria adoptiva, Cuba, unos paisanos me hicieron el honor de visitarme. Eran éstos los directores del Sindicato Católico de nuestro Ayuntamiento.



JOSE BANA POSE  
Profesor de Instrucción Pública en Cuba,  
natural de Santa Sabina, ausente hace 32 años, autor de "Carta os de Santa Comba"  
"Vida y Milagros de Pepe de Xan Baña en 31 años de Cuba"  
y en prensa (facéndose) "Suscríptores d'a Ferriña"

Después de escucharlos, entermeido, por la lucha que venían sosteniendo contra los refractarios a todo progreso; contra los tiranos del pueblo trabajador, del infeliz campesino; después de ver la instrucción en varias parroquias en el más pugnible abandono, y las escuelas, que cuentan con buenos maestros, sin elementos para el desarrollo de las tiernas mentes que van a buscar el principio de su bien futuro; con el corazón adolorido por tan poco amor al prójimo, por tanta envidia de unos para otros, los despedí, prometiéndoles dar una conferencia pública el día de la feria.

Mi tema sólo pudo ocuparse del reparto de Consumos por la Ley Besada, pero en realidad así nada podía hacerse sobre este asunto, porque reclamaba un estudio sereno, y una actividad personal, que mis 72 horas de plazo para marchar, aun dedicándolas con sosiego, serían infructuosas.

### Muy importante:

Se hará un album histórico, como recuerdo del Ayuntamiento, por parroquias, que comprenderá los paisajes de cada una, grupos de ancianos, mozos, mozas y niños. Los ausentes pueden enviar sus retratos a los familiares o al Sindicato Católico con las generales, como los de identificación.

Me ocupé del presupuesto general, que son 57,000 pesetas anuales, y no me asombró la cantidad excesiva, sino el desearo con que se da cuenta al pueblo de la inversión imaginaria de cada uno de los capítulos.

Premios escolares, conservación de animales dañinos, socorros a los pobres, conservación de mobiliario, gastos de oficina, personal, efectos de escritorio, sostenimiento de cárceles, conducción de quintos, etc., etc.

Cuando mi padre fué concejal tenía el Ayuntamiento 6,000 pesetas de presupuesto, me decía él y no estaba empeñado como está hoy, ni los beneficios públicos son mejores. Conste que mi padre ni nadie de la familia aspira a ser Alcalde ni Concejal, y menos el que escribe estas líneas.

Allí, no el número de personas, que religiosamente me escuchó, sino los desconocidos, de mi Ayuntamiento, que me rodearon, hicieron nuevamente estremecer mi corazón. Las muchedumbres a veces escuchan por curiosidad, pero, los que se aproximan vehementes para poner el lado del que dirige la palabra para entrar en el sacrificio común, no pueden venir por curiosidad, ni siquiera alucinados por una oratoria, que no poseo, sino porque creen que sale para ellos la luz de la redención.

Me entero aquí, que aun no se han repartido los consumos y que esto puede dar lugar a volver al sistema antiguo de recaudación, que será un momento de venganzas. Si algo puedo, hijos de Santa Comba, este año, en junio, volveré a ayudarlos a terminar esa obra; además, a poner en acción efectiva varios métodos de sociología, prescritos en el Reglamento del Sindicato Católico, que no por nombre romano, dejan de ser liberales y progresistas, cuales son, guerra a los picapleitos de mala fe, cooperativas para compras asociadas, seguro de ganado vacuno, velar por la instrucción y experimentos de abonos químicos en las tierras; introducción de aperos modernos de labranza.

Los que os halléis ausentes podéis asociaros para mandar una representación por lugares o parroquias, aprovechando, desde luego el viaje de alguno, y los que puedan deben concurrir a esta cruzada necesaria y beneficiosa para nuestras familias, que acaso nos esté reservado expirar en su regazo, después de mil desengaños por el mundo.

Plan que se desarrollará:

- 1° Reparto de Consumos por la Ley Besada.
- 2° Fiscalización de gastos del Ayuntamiento.
- 3° Creación de una escuela superior municipal, reglamentada por estatutos modernos e incorporada al Instituto de Segunda Enseñanza.
- 4° Reparto de premios a los niños de las escuelas públicas.

El tercer domingo de Agosto podemos haber terminado nuestra misión y ser una fiesta cultural de fraternidad para la dispersión de muchos por el haz de la tierra, con el alma henchida de gozo, porque tengo la esperanza que nadie nos pondrá obstáculos. Ellos son los primeros en deseárola, (Alcalde y Concejales), pero hay que ayudarlos a vencer elementos extraños.

Enero 20 de 1922.

José Baña Pose.

### NOTAS:

1. Es conveniente que se asocien al Sindicato con anticipación los contribuyentes en general.
2. Las adhesiones de los hijos de Santa Comba ausentes pueden dirigirlas al Sindicato Católico de Santa Comba. Los que se hallen en la Habana, al Eco de Galicia, Damas núm. 1, antes de Mayo próximo.